



ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTOS E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas pola Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por recollida de lixo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e refugallos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos.

2. Para tal efecto, consideráse lixo domiciliar e refugallos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os refugallos de tipo industrial, cascallos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou se a recollida ou vertido esixe a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e refugallos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de cascallos de obras.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos os titulares das vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos xa sexa como contribuínte ou como substituto do contribuínte.

2. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire a Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, e as que sexan susceptibles de ser habitadas ou utilizados temporal o permanentemente xa sexa a título de dono ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

3. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o dono das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

4. Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña do correspondente certificado de habitabilidade ou, no seu defecto, dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovible estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe da Policía Local ou, no seu caso, polos servizos técnicos municipais.

Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren a Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.



ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

A) Inmobles desocupados ou non utilizados. Trimestre		
a) Vivendas deshabitadas	14,81	€/trimestre
b) Locais ou establecementos sen actividade	52,04	€/trimestre
B) Nas rúas nas que a recollida de refugallos se faga en días alternos. Mes		
a) Para lixo de carácter doméstico de vivenda	7,63	€/mes
b) Para lixo e refugallos de comercios, tendas, panaderías, oficinas e bancos	21,60	€/mes
c) Para lixo e regullados de talleres mecánicos	34,92	€/mes
d) Para lixo e refugallos procedentes de industrias, bares, cafés, restaurantes, así como para supermercados e instalacións deportivas privadas de menos de 120 m ²	34,69	€/mes
e) Para lixo e refugallos procedentes de instalacións deportivas privadas e supermercados de máis de 120 m ² , moblarías e comercios de vendas por xunto.	71,08	€/mes
f) Hoteis e hostais de menos de 3 estrelas	2,92	€/hab/mes
g) Hoteis e hostais de 3 estrelas ou máis.	4,37	€/hab/mes
h) Residencias xeriátricas.	1,21	€/hab/mes
C) Nas rúas nas que a recollida de refugallos se faga a diario:		
a) Para refugallos de carácter doméstico de vivendas	9,22	€/mes
b) Para lixo e refugallos de comercios, tendas, panadarías, oficinas e bancos	26,01	€/mes
c) Para lixo e regullados de talleres mecánicos	42,32	€/mes
d) Para lixo e refugallos procedentes de industrias, bares, cafés, restaurantes, así como para supermercados e instalacións deportivas privadas de menos de 120 m ²	42,32	€/mes
e) Para lixo e refugallos procedentes de instalacións deportivas privadas e supermercados de máis de 120 m ² , moblarías e comercios de vendas por xunto.	83,93	€/mes
f) Para lixo e refugallos procedentes de supermercados de máis de 400 m ²	558,84	€/mes
g) Centros de comercio mixto, grandes almacéns, hipermercados, economatos e cooperativas de consumo de máis de 2.500 m ²	3133,98	€/mes
h) Hoteis e hostais de menos de 3 estrelas	2,92	€/hab/mes
i) Hoteis e hostais de 3 estrelas ou máis	4,37	€/hab/mes
j) Residencias xeriátricas.	1,21	€/hab/mes
D) POLIGONOS INDUSTRIAIS E SOLO URBANO INDUSTRIAL		
a) Establecementos de 120 a 250 m ²	114,17	€/mes



b) Establecementos de 250 a 500 m ²	133,58	€/mes
c) Establecementos de 500 m ² a 1500	152,98	€/mes
d) Establecementos de 1500 a 5000 m ²	171,26	€/mes
e) Establecementos de mais de 5000 m ²	190,26	€/mes
E) Polo tratamento de residuos sólidos urbanos para grandes áreas de distribución e almacenaxe de máis de 10.000 m²	68,50	€/tonelada tratada

Nos establecementos hoteleros aboarase, ademais da tarifa que lles corresponda, a cantidade de 2,92 ou 4,38 euros por habitación e mes ou 35,12 ou 52,50 euros por habitación e ano segundo o número de estrelas.

Cando no mesmo establecemento coexistan varias actividades, aplicarase exclusivamente a taxa de maior importe.

No apartado D) POLIGONOS INDUSTRIAIS E SOLO URBANO INDUSTRIAL, incluíranse todas as empresas a excepción de: talleres, supermercados, centros de comercio mixto, grandes almacéns, hipermercados, economatos e cooperativas de consumo e instalacións deportivas privadas; aos cales lles corresponderá as tarifas do apartado C).

A tarifa E) será de aplicación cando a xestión dos residuos se realice na súa totalidade a través do Concello de Narón, no caso contrario aplicarase a do punto D.e)

ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS.

1. Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

2. De conformidade co disposto na normativa vixente para a determinación da contía das taxas, salvo que se constate a inexistencia de situación de necesidade, conforme ao disposto no Regulamento Municipal de Axudas Financeiras, poderán terse en conta criterios xerais de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas cotas tributarias.

2.1.- Bonificarase nun 75 por 100 sobre a tarifa prevista:

- As unidades familiares de 1-2 membros que non alcancen o 100% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

-As unidades familiares de 3-4 membros que non alcancen o 125% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

-As unidades familiares superiores a 4 membros que non alcancen o 150% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

2.2.- Bonificarase nun 50 por 100 sobre a tarifa prevista:

-As unidades familiares de 1-2 membros con capacidade económica comprendida entre o 100% e o 110% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

-As unidades familiares de 3-4 membros con capacidade económica superior ao 125% do IPREM e que non supere o 135% do IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.

-As unidades familiares superiores a 4 membros con capacidade económica superior ao 150% do IPREM e que non superen o 160% IPREM (*), unha vez deducidos os custos de alugamento ou hipoteca da vivenda.



(*) En aplicación do Real decreto – Lei 3/2004, a referencia ao IPREM vén determinada pola contía anual con inclusión das pagas extraordinarias.

3. Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal, de manterse a mesma situación no momento da solicitude. Caso de variar a situación económica, ou de non estar obrigado a presentar a declaración fiscal, teranse en conta os datos fiscais dispoñibles, pensión coñecida, así como calquera outro ingreso ou recurso económico da unidade de convivencia.

4. Esta bonificación unicamente poderá ter lugar para a que sexa a vivenda familiar habitual.

5. O prazo para solicitar a bonificación será dende o 1 de setembro ao 20 de setembro de cada ano, producindo os seus efectos a partir de xaneiro do ano seguinte.

6.- A solicitude, según modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable de que o beneficiario deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal, en cumprimento do art. 51.6 da Ordenanza fiscal nº1 Xeral de Xestión, Recadación e Inspección.

Para o caso de vivendas alugadas o acordo adoptado na resolución desta solicitude será notificado ao propietario do inmovible.

Coa solicitude deberán acompañar a documentación que na mesma se especifica.

7.- As bonificacións concedidas poderán ser obxecto de revisión, a petición do interesado ou de oficio, por modificación das condicións tidas en conta para a concesión da bonificación.

ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO.

1. Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír desde o intre en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a súa natureza de recepción obrigatoria, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliaria nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. O período impositivo coincidirá co trimestre natural, e a el referiranse as cotas sinaladas nas tarifas do artigo 5 desta ordenanza.

Establecido o en funcionamento do referido servizo, as cotas percibiranse o primeiro día de cada trimestre natural, salvo nos casos de alta ou baixa en cuxo caso as cotas trimestrais prorratearanse por días naturais, de modo que no trimestre en que se produza unha alta esixirase a cota que corresponda dende o día da alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive, e no trimestre en que se produza a baixa esixirase a cota que corresponda dende o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive.

ARTIGO 8. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. A taxa xestiónase a partires dun padrón constituído polo censo comprensivo dos obrigados tributarios, e as tarifas.

A alta no servizo de augas conlevará a correlativa inclusión no censo de recollida de lixo. No momento de formalizar a alta o suxeito pasivo efectuará o ingreso simultáneo da cota dese período.

A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa Taxa da rede de sumidoiros e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable

Están obrigados ao pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local, de conformidade co artigo 3 desta ordenanza.

2. As altas e baixas así como os cambios de tarifas son responsabilidade do suxeito pasivo xa sexa como contribuínte ou como substituto do contribuínte.



3. O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado do padrón.

4.No caso de que este servizo non se preste simultaneamente co servizo de abastecemento e/ ou saneamento será necesario tramitar a alta de forma individualizada polo suxeito pasivo.

ARTIGO 9. Comunicación variacións no padrón fiscal.

A empresa concesionaria do servizo de augas e rede de sumidoiros deberá notificar, ao Concello, cada mes, as altas, baixas, cambios de tarifa e calquera outra modificación, para a elaboración do padrón de recollida de refugallos sólidos urbanos.

A empresa adxudicataria do contrato de servizos de recadación da taxa de residuos sólidos urbanos presentará mensualmente proposta de altas/baixas/variacións no padrón fiscal para que o concello dicte os actos administrativos necesarios. Todo elo sen prexuízo das instrucións específicas ou complementarias que con posterioridade puideran darse polo persoal do concello á dita empresa.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tanto persistan ás restriccións á actividade económica derivada de situacións de emerxencia ou alerta sanitaria por mor da pandemia do virus COVI-19 adoptadas polas autoridades sanitarias competentes (nacionais ou autonómicas), e que supoñan o cese da actividade económica, procederá a aplicación da tarifa contida no artigo 5.2 A) b) “Locais ou establecementos sen actividade” no caso de que se produza dito cese forzoso da actividade económica nos locais e/ou establecementos afectos. Será necesario que o dito peche obrigado se realice por un periodo mínimo de 25 días naturais dentro de cada trimestre.

Tomarase en conta, para a aplicación da dita tarifa, o número total de días nos que se teña producido o cese da actividade polo peche decretado pola autoridade competente, sumando todos os días do peche dentro de cada trimestre natural.

A aplicación da devandita tarifa realizarase a instancia do interesado, previa resolución da Alcaldía, ou órgano competente, na que se regularán os aspectos formais e se determinará o periodo de solicitude.

Comprobado o cumprimento dos requisitos, recoñecerase ou denegarase ao interesado a aplicación da devandita tarifa, facéndose efectivo o dereito á mesma e, polo tanto, aplicándose no recibo individual do padrón fiscal do seguinte periodo impositivo, de ser posible, ou nos sucesivos.

Esta disposición entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021 e permanecerá en vigor en tanto persista a situación de alerta sanitaria derivada da pandemia do COVID-19.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Cando, por cumprirse as circunstancias previstas no número 3.bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais



da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a persoa titular da Consellaría competente en materia de residuos establece unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, e o Concello de Narón decida acollerse á dita medida, o importe equivalente ao da dita bonificación minorarase, de xeito proporcional, da cota tributaria que corresponda a cada un dos obrigados ao pago da taxa no exercicio da súa aplicación.

A redución terá efectos de 1 de xaneiro, facéndose efectivo o dereito á mesma e, polo tanto, practicándose sobre os recibos individuais do padrón, de ser posible, no terceiro trimestre ou no último do exercizo, de non terse aplicado no anterior.

O cadro de tarifas e reducións para o exercicio 2021 será o que se inclúe como anexo I.

ANEXO I. COTA TRIBUTARIA RESULTANTE PARA O EXERCICIO 2021

			€/ano ou tonelada 2021 ANTES DA BONIFIC.	€/ano ou tonelada 2021 DESPOIS DA BONIFIC.	IMPORTE ANUAL BONIFIC.
A) Inmobles desocupados ou non utilizados. Trimestre					
a) Vivendas deshabitadas	14,81	€/trimestre	59,24	57,15	2,09
b) Locais ou establecementos sen actividade	52,04	€/trimestre	208,16	200,81	7,35
B) Nas rúas nas que a recollida de refugallos se faga en días alternos. Mes					
a) Para lixo de carácter doméstico de vivenda	7,63	€/mes	91,56	88,33	3,23
b) Para lixo e refugallos de comercios, tendas, panaderías, oficinas e bancos	21,6	€/mes	259,2	250,05	9,15
c) Para lixo e regullados de talleres mecánicos	34,92	€/mes	419,04	404,25	14,79
d) Para lixo e refugallos procedentes de industrias, bares, cafés, restaurantes, así como para supermercados e instalacións deportivas privadas de menos de 120 m ²	34,69	€/mes	416,28	401,59	14,69



NARÓN

e) Para lixo e refugallos procedentes de instalacións deportivas privadas e supermercados de máis de 120 m ² , moblarías e comercios de vendas por xunto.	71,08	€/mes	852,96	822,85	30,11
f) Hoteis e hostais de menos de 3 estrelas	2,92	€/hab/mes	35,04	33,80	1,24
g) Hoteis e hostais de 3 estrelas ou máis.	4,37	€/hab/mes	52,44	50,59	1,85
h) Residencias xeriátricas.	1,21	€/hab/mes	14,52	14,01	0,51
C) Nas rúas nas que a recollida de refugallos se faga a diario:					
a) Para refugallos de carácter doméstico de vivendas	9,22	€/mes	110,64	106,73	3,91
b) Para lixo e refugallos de comercios, tendas, panadarías, oficinas e bancos	26,01	€/mes	312,12	301,10	11,02
c) Para lixo e regullados de talleres mecánicos	42,32	€/mes	507,84	489,91	17,93
d) Para lixo e refugallos procedentes de industrias, bares, cafés, restaurantes, así como para supermercados e instalacións deportivas privadas de menos de 120 m ²	42,32	€/mes	507,84	489,91	17,93
e) Para lixo e refugallos procedentes de instalacións deportivas privadas e supermercados de máis de 120 m ² , moblarías e comercios de vendas por xunto.	83,93	€/mes	1007,16	971,61	35,55
f) Para lixo e refugallos procedentes de supermercados de máis de 400 m ²	558,84	€/mes	6706,08	6469,36	236,72
g) Centros de comercio mixto, grandes almacéns, hipermercados, economatos e cooperativas de consumo de máis de 2.500 m ²	3133,98	€/mes	37607,76	36280,21	1327,55



NARÓN

h) Hoteles e hostais de menos de 3 estrelas	2,92	€/hab/mes	35,04	33,80	1,24
i) Hoteles e hostais de 3 estrelas ou máis	4,37	€/hab/mes	52,44	50,59	1,85
j) Residencias xeriátricas.	1,21	€/hab/mes	14,52	14,01	0,51
D) POLIGONOS INDUSTRIAIS E SOLO URBANO INDUSTRIAL					
a) Establecementos de 120 a 250 m ²	114,17	€/mes	1370,04	1321,68	48,36
b) Establecementos de 250 a 500 m ²	133,58	€/mes	1602,96	1546,38	56,58
c) Establecementos de 500 m ² a 1500	152,98	€/mes	1835,76	1770,96	64,80
d) Establecementos de 1500 a 5000 m ²	171,26	€/mes	2055,12	1982,57	72,55
e) Establecementos de mais de 5000 m ²	190,26	€/mes	2283,12	2202,53	80,59
E) Polo tratamento de residuos sólidos urbanos para grandes áreas de distribución e almacenaxe de máis de 10.000 m²					
	68,5	€/tonelada tratada	68,50 €	66,08	2,42

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia coa excepción das modificacións do artigo 5.2 A b) e disposición transitoria que entrarán en vigor con efectos do 01 de xaneiro do 2021 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.